

## Os vellos oficios (IV)

ROSINA MARTINEZ BARRAL \*

### ALBAÑIL

*¿Quen non coñece do albañil as artes?  
¿Quen non anda tras del semana enteira  
pra que vaia matar unha goteira  
ou que o feluxe á chaminea saque?,*

*Sempre solicitado pró traballo,  
disposto pra emprender calquer labor  
tanto dende os cimentos fai a casa  
que un cristal pon e sempre de bo mor.*

*Esa é da vida a ciencia, non ter volta,  
saber aproveitar canto nos ven  
é o xeito de ter sempre traballo  
a mellor honra que o traballador ten.*



(\*) Rosina Martínez Barral, betanceira, pertenece a unha familia de artistas, historiadores e literatos, mantendo ela esta tradición ó traveso da pintura, do debuxo e da poesía.

## BARRENDEIRO

Andaba sospirando  
por ter ún sueldo  
e ó fin sacou a praza  
de barrendeiro.

Non é o mesmo estar fora  
como estar dentro  
pois hai que ter algunos  
coñecementos.


Se na rúa hai fochanas  
e algúns buxeiro,  
con pedras e cemento  
na carretilla  
vai amañalas; fai de canteiro.

Se un pobre que está soio  
tópase mal  
e non ten quen o atenda  
nin ben nin mal  
méteno na camilla  
e a ombros vai  
de catro barrendeiros  
que axiña o levan  
para o hospital.

Cando o axuntamento  
sae en corporación  
e todos van de gala  
para algunha función,  
con levita e chisteira  
vai o Alcalde no medio,  
na man o seu bastón  
para significar  
que él é o máis mandón.

Tamén o barrendeiro  
ten alí a súa misión,  
leva branca peluca  
con pluma no sombreiro  
e curto o seu calzón,  
fibela no zapato  
branca media na perna  
no ombro leva a maza,  
todo de terciopelo  
da cabeza astra os pes  
porque esta vez ascendeu a maceiro.

Non vai de barrendeiro,  
anque poidera ser  
que habería pero moito,  
moitísimo que barrer.



### *BORDADORA*

*Con agullas sinxelas  
que nin se atopan na man  
a bordadora bordando  
tras da ventana está.*

*Con elas vai facendo  
moitísimos primores  
que lucirán na casa  
dos más ricos señores.*

*¡Cantos coñecementos  
ten ela que saber  
pró que pidan as donas  
e poida compracer!*

*Unha quere bordado  
que se «richelié»  
outra «bordado inglés»  
con moito «fil-tiré».*

*E para os capotillos  
dos nenos pequeniños  
de «rococó» bordados  
serán más bonitiños.*

*Así todas pedindo  
sen fin de variedades  
non paran cos inventos  
e tantas novidades.*

*E a pobre bordadora  
ali sempre sentada,  
se Deus non o remedia  
acabará baldada.*



*FOLLALATEIRO*

*¿Cantos oficos hai? Tantos que naide  
anumeralos todos poderá,  
por cada cousa que precisa a xente  
de seguido un oficio nacerá.*

*Deixándome levar da fantasia  
quixen xuntalos todos e atopei  
(remexendo na huchiña dos recordos)*

